

SECRETARÍA XERAL
Xestión de Xuntas de Goberno
2018/G007/000036

A/O SECRETARIA/O, DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA)

C E R T I F I C A:

Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada o mércores 22 de agosto de 2018, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

"7. CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DESTINADAS AO FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2018.-

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Proposta de Acordo

Igualdade
Exp. 2018/G006/000554

Asuntos de Área de Benestar Comunitario. Asuntos do Departamento de Información á Muller

CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DESTINADAS AO FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2018

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 3 de maio de 2018 aprobou a convocatoria de subvencions para programas de igualdade e de loita contra a violencia de xénero dirixidos a entidades para actividades, durante o ano 2018.

Segundo Dilixencia emitida o 18 de xuño de 2018 polo Rexistro Xeral municipal foron presentadas as seguintes solicitudes:

- Programa Igualdade:

ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	ORZAMENTO TOTAL	IMPORTE SOLICITADO
EEl Vilarrodís	Q6555699E	A biblioteca pola igualdade	800,00€	640,00€
ANPA Novo Arteixo	G70257373	Mulleres de sal	544,50€	435,60€
ANPA Século XXI	G70483094	#mulleresninmaisninmenos	1000,00€	700,00€
Asociación Daleth	G70480595	Coaching para o autocoidado: "Atrévete a crear o teu futuro"	1005,00€	800,00€

- Programa de Loita contra a Violencia de Xénero:

ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	ORZAMENTO TOTAL	IMPORTE SOLICITADO
CEIP Ponte dos Brozos	Q6555285C	A igualdade é un dereito humano	1100,00€	880,00€
ANPA CEIP Ponte dos Brozos	G15059553	Novas formas de abuso e violencia	2300,00€	2300,00€
Asociación Daleth	G70480595	Hacia un futuro libre de violencia: Primeros pasos	1020,00€	800,00€

Todas as solicitudes presentadas dan cumprimento ós requisitos establecidos nas Bases, sendo todas elas admitidas.

A Comisión Avaliadora, composta pola Concelleira da Área de Benestar Comunitario, D^a Inés Ramos Álvarez e pola Directora do CIM, D^a Sandra Barbeito Pan, reuniuse o 23 de xullo de 2018 no Centro de Información ás Mulleres, para a valoración das solicitudes e documentación presentada segundo os criterios reflectidos no artigo 8.1. Resulta a seguinte valoración:

ENTIDADE SOLICITANTE	CIF	PUNTUACIÓN OUTORGADA	CONTÍA MÁXIMA A SUBVENCIONAR (80% DO ORZAMENTO)
EEl Vilarrodís	Q6555699E	88	640,00€
ANPA Novo Arteixo	G70257373	88	435,60€
ANPA Século XXI	G70483094	80	700,00€
CEIP Ponte dos Brozos	Q6555285C	84	880,00€
ANPA CEIP Ponte dos Brozos	G15059553	82	1840,00€
Asociación Daleth	G70480595	78	800,00€

A Asociación Daleth solicita subvención para os dous programas (igualdade e violencia) e polo mesmo importe en ambos programas. Tal e como recolle o artigo 6 das Bases reguladoras, só se concede subvención a un dos programas xa que o importe total das solicitudes é superior ó orzamento destinado pola concellaría ás subvencións que nos ocupan. A selección do programa foi realizado polo CIM xa que a entidade non estableceu, tal e como se recolle nas Bases reguladoras e na documentación que deben cubrir, a prioridade entre ambos programas.

Segundo o artigo 2 das Bases reguladoras, a contía total máxima que se destina a estas subvencións é de 3.000€. Visto que o importe solicitado é superior, ascendendo a 6.555,60€, propónse o reparto proporcional entre as entidades solicitantes, de acordo co establecido nas Bases.

Visto o informe técnico emitido pola traballadora social do CIM, M^a Karina Pérez Graña, con CVD lwY8lVdUulX8+ewrlgkK con data 09 de agosto de 2018.

Por todo o exposto e previa fiscalización da Intervención, propónse a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Conceder as seguintes subvencións a favor das entidades que se relacionan a continuación, e polas contías que se especifican para os seguintes fins, comprometendo o gasto correspondente con cargo á partida 231.48900 do Orzamento de 2018:

- Programa Igualdade:

ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	IMPORTE SOLICITADO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
EEl Vilarrodís	Q6555699E	A biblioteca pola igualdade	640,00€	431,30€
ANPA Novo Arteixo	G70257373	Mulleres de sal	435,60€	293,56€
ANPA Século XXI	G70483094	#mulleresninmaisninmenos	700,00€	377,40€

- Programa de Loita contra a Violencia de Xénero:

ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	IMPORTE SOLICITADO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
CEIP Ponte dos Brozos	Q6555285C	A igualdade é un dereito humano	880,00€	474,44€
ANPA CEIP Ponte dos Brozos	G15059553	Novas formas de abuso e violencia	1840,00€	992,00€
Asociación Daleth	G70480595	Hacia un futuro libre de violencia: Primeros pasos	800,00€	431,30€

Segundo.- Conceder de prazo **ata o 30 de novembro de 2018** para que as entidades beneficiarias presenten a correspondente xustificación das contías que se indican a continuación e nos termos previstos no artigo 13 das Bases reguladoras da presente convocatoria:

ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	CONTÍA A XUSTIFICAR
EEl Vilarrodís	Q6555699E	A biblioteca pola igualdade	431,30€	539,13€
ANPA Novo Arteixo	G70257373	Mulleres de sal	293,56€	366,95€
ANPA Século XXI	G70483094	#mulleresninmaisninmenos	377,40€	539,14€
CEIP Ponte dos Brozos	Q6555285C	A igualdade é un dereito humano	474,44€	593,05€
ANPA CEIP Ponte dos Brozos	G15059553	Novas formas de abuso e violencia	992,00€	1240,00€
Asociación Daleth	G70480595	Hacia un futuro libre de violencia: Primeros pasos	431,30€	549,91€

Terceiro.- Notificar o presente acordo ás entidades solicitantes e publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios do concello, así como na páxina web, en cumprimento do artigo 9 das Bases.

** Pola Secretaria Xeral, dase conta que obra no expediente informe de fiscalización con resultado favorable emitido pola Viceinterventora Municipal, D^a Mónica Bello Novo, en data 20 de agosto de 2018 (CVD: 1746db+MMa2u4g0H+YGI).

Visto o anterior, e considerando que a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno Local en virtude das delegacións efectuadas polo Alcalde deste Concello, mediante decreto 1423/2015 de data 17/07/2015, a Xunta de Goberno Local, en VOTACIÓN ORDINARIA e por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, acorda prestar aprobación aos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida."

E para que así conste, expido a presente, ao amparo e coa salvedade prevista no art. 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e a resultas do Texto definitivo da Acta, de orde e co visto e praxe da Alcaldía-Presidencia.

Asdo. dixitalmente.- Carlos Calvelo Martínez (ALCALDE-PRESIDENTE)
 Asdo. dixitalmente.- María Esther Álvarez Martínez (SECRETARIA XERAL)